



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
389/2024	A Xunta de Goberno Local	05/02/2024

En calidade de secretario deste órgano, CERTIFICO:

Que na sesión realizada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 389/2024. AMPLIACIÓN HORARIO LOCAIS 10 DE FEBREIRO ENTROIDO

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

RESOLUCIÓN**FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Fóra da orde do día e seguindo a quenda establecida no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e previa declaración da urxencia, por unanimidade dos membros presentes, acordouse tratar o seguinte asunto:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, asinada o día 05-02-2024, co seguinte teor literal:

“Visto o informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación, do seguinte tenor literal:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

— *Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.*

- *Orde do 23 de outubro de 2020, pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.*

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO



PRIMEIRO. O artigo 5 da Lei 10/2017 establece as competencias municipais nesta materia, indicando, na súa letra f), a seguinte: “Autorizar las ampliaciones o reducciones sobre el horario general, en atención a los criterios, supuestos y circunstancias que, en su caso, figuren en la orden de horarios prevista en el artículo 17.”

Polo tanto, é competencia dos Concellos autorizar as ampliacións do horario.

SEGUNDO. A orde á que fai referencia a Lei é a orde de 23 de outubro do 2020, que no seu artigo 9 establece que “1. Al amparo de lo dispuesto en el artículo 5.f) de la Ley 10/2017, de 27 de diciembre, los ayuntamientos podrán ampliar para todo su término municipal o para zonas concretas del mismo los horarios generales de cierre de los establecimientos abiertos al público así como de finalización de los espectáculos públicos y de las actividades recreativas, durante la celebración de las fiestas y verbenas populares, del Carnaval, de la Semana Santa y de la Navidad, haciendo compatible, en todo caso, su desarrollo con la aplicación de las normas vigentes en materia de contaminación acústica.

2. Los ayuntamientos, mediante acuerdo del órgano competente, establecerán el número máximo de días naturales al año en que podrán ampliar los horarios de cierre de los establecimientos abiertos al público, de los espectáculos públicos y de las actividades recreativas.

3. A efectos de esta orden, se entenderá por Carnaval el período comprendido entre el Jueves de Carnaval y el Miércoles de Ceniza, ambos incluidos, por Semana Santa el período comprendido entre el Domingo de Ramos y el Domingo de Resurrección, ambos incluidos, y por Navidad el período comprendido entre el 22 de diciembre y el 6 de enero, ambos incluidos.

4. En todos los supuestos anteriores, las ampliaciones de horario no podrán superar, en ningún caso, en 2 horas los horarios generales de cierre de los establecimientos abiertos al público, de los espectáculos públicos y de las actividades recreativas.

5. Los ayuntamientos también podrán ampliar el horario general de determinados espectáculos públicos musicales de características específicas o excepcionales hasta un máximo de 2 horas.”

Polo tanto, o Concello pode ampliar os horarios de peche ata un máximo de dúas horas o día 31 de decembro, xa que figura incluído no período de Nadal (do 22 de decembro ata o 6 de xaneiro).

TERCEIRO. Os horarios de peche establecidos polo artigo 5 da Orde de 23 de outubro do 2020 son os seguintes, respecto ao que afecta a este informe:

“III.2.5. Establecimientos de restauración.

III.2.5.1. Restaurantes: 2.00 horas.

III.2.5.1.1. Salones de banquetes: 3.30 horas.

III.2.5.2. Cafeterías: 2.30 horas.

III.2.5.3. Bares: 2.30 horas.

(...)





III.2.7. Establecimentos de ocio y entretenimiento.

III.2.7.1. Salas de fiestas: 6.00 horas.

III.2.7.2. Discotecas: 6.00 horas.

III.2.7.3. Pubs: 4.00 horas.

III.2.7.4. Cafés: espectáculo: 4.30 horas.”

Estes locais poderían pechar, se así o determinase o Concello, dúas horas máis tarde da indicada neste fundamento.

É canto teño a honra de informar, salvo mellor criterio fundado en dereito.”

Visto o indicado no informe **PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Ampliar dúas horas o horario de peche para a noite do 10 de febreiro ao seguintes locais, con indicación da hora de peche para esa noite:

III.2.5. Establecimentos de restauración.

III.2.5.3. Bares: 4.30 horas.

(...)

III.2.7. Establecimentos de ocio y entretenimiento.

III.2.7.1. Salas de fiestas: 8.00 horas.

III.2.7.2. Discotecas: 8.00 horas.

III.2.7.3. Pubs: 6.00 horas.

SEGUNDO. Facer público este acordo mediante a súa publicación no Taboleiro de Anuncios, así como na páxina web municipal, e por tódolos medios que aseguren o seu coñecemento xeral.

TERCEIRO. Notificar o presente acordo á Policía Local, así como á Garda Civil e a Policía Nacional.”

Logo de someter a citada proposta á consideración da Xunta de Goberno Local, esta, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobala nos mesmos termos en que figura redactada e adoptar os acordos que nela se expresan.





E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese esta certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, coa excepción previsto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568 /1986, do 28 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

